

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Personas

Relación provisional de personas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 2 prazas de profesor/a de conservatorio, especialidade de piano (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000030

Mediante Decreto 652/2023, do 24 de marzo, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, apróbase a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura de dúas (2) prazas de persoal laboral fixo de Profesor/a do Conservatorio, especialidade de piano, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobar a relación provisional de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura de dúas (2) prazas de profesor/a do conservatorio, especialidade piano, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo A1, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022.:

a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Campello Blanco, José Manuel	***1688**	Sí	
2	Gancedo Herreras, Ernesto	***1425**	Sí	- Non aporta o certificado dos servizos prestados na Administración Pública que alega no apartado 6.2.1a.2)

b) Persoas aspirantes excluídas: Ningunha

2º) Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para presentar reclamacións ou emendar defectos.

Neste período poderase achegar tamén a documentación xustificativa dos méritos alegados, indicados no apartado de “Observacións” e que non se xuntou coa solicitude, da persoa aspirante admitida, para os efectos da súa valoración na fase de concurso, de ser o caso. A dita documentación deberá presentarse na sede electrónica do Concello das Pontes.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.”

As Pontes de García Rodríguez, 27 de marzo de 2023

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2023/2236